

COMUNICADO RODA DE PRENSA DO MARTES 30 DE SETEMBRO DE 2008

Ante a queixa das persoas que viven en Santa Lucía de Moraña, afectadas pola incertidume dunha importante acumulación de patoloxías e mortes, na confluencia de 3 antenas de telefonía móbil e un transformador, o VALEDOR DO POBO, na [recomendación do 09.09.08](#), unha vez máis recorda e constata a ilegalidade destas antenas de Moraña e de todas aquelas que non teñan Licenza de Actividade Clasificada xunto coa Licenza de obras; polo que solicita ao Alcalde de Moraña:

"Que se inicien os expedientes de reposición de legalidade que se deducen da ausencia de licenza de actividade e funcionamento das antenas de telefonía móbil obxecto da presente queixa, e que os mesmos se resolvan sen que o ente local se considere vinculado pola previa concesión, de licenzas de obra".

É de destacar neste documento a base xurídica que ofrece:

-Non só para remarcar a obriga de tramitar a **Licenza de Actividade Clasificada** ás antenas de telefonía móbil en base á aplicación do RAMINP (Regulamento de Actividades Molestas, Insalúbeis e Perigosas), aludindo a sentenza do Tribunal Supremo do 27.10.1997 e a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra o Concello de Chantada.

-Se non tamén á obriga dos Concellos a tramitar a Licenza de Actividade Clasificada aplicando a nova Lei autonómica galega que derroga o RAMINP: O DECRETO 133/2008, DE 12 DE XUÑO, POLO QUE SE REGULA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL: aínda que na súa relación de actividades (nomenclátor) non se mencione ás industriais das antenas da telefonía móbil, xa que tamén están sometidas a este procedemento “aquelas outras actividades ... que ... merezan a consideración de molestas, insalubres e perigosas, conforme ás definición contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia”, Lei que cita literalmente ás **radiacións** como **actividade perigosa**.

Estas situacións, de **indefensión veciñal a nivel municipal, xa denunciadas polo Valedor do Pobo no informe do 2006 no Parlamento Galego**; se complementan coas **facilidades implícitas a nivel estatal e autonómico a facilitar unha rápida extensión destas infraestruturas, incluíndo incentivos económicos e dotación de infraestruturas** a aqueles concellos que faciliten a instalación de antenas de telefonía móbil.

Esta situación contrasta coa recente **Resolución do 4 de setembro do Parlamento Europeo (baseado no informe Bio-Iniciativa e os consellos da Axencia Europea de Medio Ambiente)** onde “constata que os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público son obsoletos ... e non abordan a cuestión dos grupos vulnerábeis, como as mulleres embarazadas, os recentemente nados e os nenos ...” e solicita ao Consello de Europa que modifique a súa recomendación de 1999 (base da normativa vixente a nivel estatal do 2001)

O Informe Bio-Iniciativa e a Axencia Europea de Medio Ambiente CONSTATAN que os niveis existentes de seguridade pública son inadecuados para protexer a saúde pública e documentan as evidencias científicas actuais sobre a relación causal dos campos electromagnéticos (alta tensión, telefonía móbil, sistema Wifi, bluetooth e telefonía de base fixa DECT).

Ante a desordenada proliferación de antenas de telefonía móbil nas nosas cidades **a coordinadora contra a contaminación electromagnética da provincia de Pontevedra que comezou a xestarse en xuño deste ano (aglutinando a asociacións veciñais, de afectados, ecoloxistas, de nais e pais, ..) SOLICITA URXENTEMENTE:**

Ao ministerio de Industria que se revise de forma urxente o RD 1066/2001, que establece os límites de protección para as emisións das antenas, que se aplique unha moratoria na concesión de licenzas ata que se revisen estes límites, e que sitúe as antenas a unha distancia superior a 400 metros de calquera punto habitado ao obxecto de facer converxer dous intereses en conflito: o do desenvolvemento da sociedade da información e o prioritario da saúde da poboación.

Áo goberno galego e aos concellos a aplicar o principio de cautela en resposta aos informes científicos que advirten sobre os posibles danos á saúde que leva o uso destas tecnoloxías, especialmente ás persoas expostas as 24 horas do día ás radiacións de microondas, **cunhas potencias que non garanten a saúde pública.**

COORDINADORA PROVINCIAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DE PONTEVEDRA:

Asociación de Nais e Pais "Pardo Bazán" do CEIP Froebel (Pontevedra) Asociación Veciñal A Paz (Vigo) Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello (Vigo), Asociación de Veciños de Chapela (Redondela), Asociación Veciñal Doutor Fleming (Vigo), Asociación de Veciños de Teis (Vigo) Asociación Veciñal Val Do Fragoso (Vigo), Asociación de Veciños San Roque (Vigo), Asociación Pedra Choco (Cangas), Asociación Pola Defensa Da Ría (Pontevedra), Centro Veciñal e Cultural de Valadares (Vigo), Colectivo de Afectados Pola Antena de Rosalía de Castro 45-47 (Pontevedra), Colectivo de Afectados Pola Antena de José Casal 10 (Pontevedra), Colectivo de Afectados Pola Electrocontaminación de As Barxas (Moaña), Colectivo de Afectados Pola Electrocontaminación de Santa Lucía (Moraña), Federación de Asociacións de Veciños Castelao (Pontevedra), Luita Verde (Morrazo).